
RETOS

- Actualizado (01.04.2009)

Convocatoria 2009 para a selección de dous casos singulares de computación

CESGA selecciona dous casos singulares de computación, en réxime de concorrència competitiva, que necesiten recursos computacionais maiores dos límites estándar no Finis Terrae.

Os casos singulares que se seleccionen deberán ser un caso práctico de computación con evidente interese científico-técnico, preferentemente nas áreas de Métodos Matemáticos da Ciencia Computacional, Nanotecnoloxía, Ciencias da Vida e da Saúde, Ciencias do Mar e Enerxía e Cambio Climático, aínda que se admitirán propostas doutras áreas de gran interese científico-técnico.

Poderán participar nesta convocatoria os grupos de investigación ou investigadores individuais que traballen nas seguintes institucións:

- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Calquera centro do CSIC de España
- Universidades de Portugal
- Calquera centro de investigación ou centro tecnolóxico radicado en Galicia
- Calquera empresa cun centro de traballo en Galicia, en cuxo centro haxa un laboratorio de I+D+i

Os casos singulares executaranse en cooperación co CESGA. A cada proxecto seleccionado asignaráselle un equipo de soporte de técnicos e investigadores do CESGA para facilitar a migración e execución do caso singular.

Bases da convocatoria

Anexo: Formato de memoria

- Descarga arquivo Word
- Descarga arquivo OpenOffice

Envío de propostas

- Formulario

Información técnica de Finis Terrae

Pode atopar información sobre Finis Terrae no apartado Arquitectura do seguinte enlace.